

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Subvencións

CONVOCATORIA ESPECÍFICA DE SUBVENCÍONS PARA O FOMENTO DE ACTIVIDADES XUVENÍS. CONCELLERÍA DE XUVENTUDE DO CONCELLO DE VIGO. 2016.

A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25. 2 e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 80. 2 establecen que o municipio exercerá, en todo caso competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma en materia de actividades e programas de carácter xuvenil.

1.—Requisitos dos/as beneficiarios:

a) Asociacións xuvenís e/ou entidades xuvenís sen ánimo de lucro inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo (Depto. de Participación Cidadá) ou ben que soliciten simultaneamente a súa inscrición no citado Rexistro.

b) Outras entidades (Asociacións ou fundacións) integradas maioritariamente por mozas*-100% da xunta directiva- que, carecendo de interese lucrativo, desenvolvan programas e actividades dirixidas ao fomento da participación dos mozos/as e con manifesto protagonismo xuvenil na súa elaboración e desenvolvemento global. Deberán estar así mesmo inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo (Dpto. Participación Cidadá).

* Entenderase que, neste caso, a idade máxima para ser considerado/a moza será de ata 35 anos, incluídos.

c) Grupos de mozos non constituídos como asociación que, carecendo de interese lucrativo, teñan capacidade para realizar un proxecto específico de interese xuvenil. Os requisitos que estes grupos de mozos deberán cumprir son:

- Estar formados por un mínimo de tres persoas con idades comprendidas entre os 15 e os 35 anos, ambas as incluídas, e residentes no Municipio de Vigo.
- Establecer un representante que será o/a responsable do grupo de mozos, maior de idade, con poderes suficientes, e que deberá asumir todos os deberes que corresponderán á agrupación como beneficiaria da subvención.



2.—Obxecto da subvención

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases e convocatoria é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento e realización de programas e proxectos xuvenís mixtos, de mozas e mozos, por parte das entidades e/ou colectivos xuvenís da cidade, no ano 2016.

3.—Procedemento de concesión das subvencións

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva.

4.—Bases reguladoras

A convocatoria coas bases reguladoras da concesión das axudas será publicada no correspondente diario oficial, anunciada na prensa local, e na web www.vigo.org.

5.—Importe

A dotación desta convocatoria será de 7.000€(SETE MIL EUROS).

6.—Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 30 días naturais, contados desde o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

7.—Órganos competentes para a instrución e resolución do procedemento e prazo para a notificación da resolución

A Concellería de Xuventude será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión de Valoración composta pola Concelleira de Xuventude, a Xefe de servizo da área de Xuventude e unha Técnico da mesma área que actuará como secretaria.

8.—Xustificación das subvencións

Os/as beneficiarios xustificarán o proxecto subvencionado a través do Rexistro do Concello nos 20 días naturais posteriores á comunicación oficial da concesión de subvención e, así mesmo, o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. En todo caso, as subvencións deberán xustificarse dentro do ano 2016 e o prazo de xustificación deberá ser antes de finalizar a segunda semana de decembro de 2016.

O prazo sinalado para a xustificación poderá ser ampliado si concorreron causas que o xustifiquen, previa aprobación do mesmo por parte da Xunta de Goberno Local.



9.—Pago

O pago da subvención terá lugar tras a xustificación pola beneficiaria da actividade para a que se concedeu a subvención.

Bases reguladoras para a concesión de subvencións para o fomento de actividades xuvenís. Concellaría de Xuventude. 2016

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, no seu artigo 25. 2 e a Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no seu artigo 80. 2 establecen que o municipio exercerá, en todo caso competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma en materia de actividades e programas de carácter xuvenil.

En relación cos proxectos encamiñados ó fomento e promoción de actividades xuvenís da cidade de Vigo, os vixentes orzamentos do Concello de Vigo para o ano 2016 consignan, na partida orzamentaria 3370.489.00.00 “subvencións para o fomento de actividades xuvenís”, un crédito por un importe total de 7.000€ (sete mil Euros); crédito orzamentario, que o Concello de Vigo a través da Concellaría de Xuventude destina a colaborar no financiamento das actividades de promoción e fomento de actividades xuvenís desenvolvidas dende as entidades e/ou colectivos xuvenís do Municipio.

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrência, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación, tal e como dispoñen os artigos 8 da LXS e 5 da LSG.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para a dita concesión.

PRIMEIRA.—OBXECTO DA SUBVENCIÓN

O obxecto das subvencións a que se refiren as presentes bases e convocatoria é contribuír a financiar os gastos ocasionados polo desenvolvemento e realización de programas e proxectos xuvenís mixtos, de mozos e mozas, por parte das entidades e/ou colectivos xuvenís da cidade, no ano 2016.

SEGUNDA.—GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable se ocasionen nas entidades e/ou colectivos xuvenís, polo desenvolvemento, realización e participación en programas e proxectos xuvenís: actuacións dirixidas ao fomento e á participación do colectivo mozo e que se desenvolvan e realicen dentro do termo municipal de Vigo, programas de animación sociocultural e de carácter formativo e/ou preventivo, actividades de tempo libre e de lecer, actividades relacionadas coa cultura e a creatividade xuvenil e, en xeral, todos aqueles proxectos que se relacionen co ámbito de actuación da Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo.



Serán subvencionables todos os gastos de desenvolvemento, realización e participación en programas e proxectos xuvenís ao longo do ano 2016.

TERCEIRA.—CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO

A cantidade máxima destinada a estas subvencións será a de 7.000 Euros (sete mil euros) que se farán efectivas con cargo á partida orzamentaria para 2016; 3370.489.00.00 “Subvención para o fomento de actividades xuvenís”. Poderán outorgarse subvencións superando esta contía sen nova convocatoria cando se dean as circunstancias previstas no artigo 31. 2 da Lei de subvencións de Galicia. Neste caso, deberá tramitarse o correspondente expediente de gasto que será obxecto de fiscalización e ademais, este incremento de crédito non poderá tramitarse unha vez aprobada a concesión de axudas.

CUARTA.—COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓN

Estas subvencións serán compatibles con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

QUINTA.—REQUISITOS DOS BENEFICIARIOS

1.—Poderán solicitar e obter estas axudas :

a) *Asociacións xuvenís e/ou entidades xuvenís sen ánimo de lucro* inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo (Depto. de Participación Cidadá) ou ben que soliciten simultaneamente a súa inscrición no citado Rexistro.

b) *Outras entidades (Asociacións ou fundacións) integradas maioritariamente por mozos/as* –100% da xunta directiva-* que, carecendo de interese lucrativo, desenvolvan programas e actividades dirixidas ao fomento da participación dos mozos/as e con manifesto protagonismo xuvenil na súa elaboración e desenvolvemento global. Deberán estar así mesmo inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións do Concello de Vigo (Dpto. Participación Cidadá).



* Entenderase que, neste caso, a idade máxima para ser considerado/a mozo/a será de ata 35 anos, incluídos.

c) *Grupos de mozos/as non constituídos como asociación* que, carecendo de interese lucrativo, teñan capacidade para realizar un proxecto específico de interese xuvenil. Os requisitos que estes grupos de mozos/as deberán cumprir son:

- Estar formados por un mínimo de tres persoas con idades comprendidas entre os 15 e os 35 anos, ambas incluídas, e residentes no Municipio de Vigo.
- Establecer un representante que será o/a responsable do grupo de mozos/as, maior de idade, con poderes suficientes, e que deberá asumir todas as obrigas que corresponderán a agrupación como beneficiaria da subvención. En todo caso, todos os membros asociados ao beneficiario/a terán igualmente a condición de beneficiarios/as. En consecuencia, a subvención concedida será distribuída a partes iguais entre o número de membros que conforman o grupo beneficiario. Tanto na solicitude como na resolución de concesión farase constar expresamente os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención a aplicar por cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiarios/as (en aplicación dos artigos 8.3 da LSG e 11.3 da LXS).
- Os/as membros do grupo de mozos/as non poderán pertencer, como socios ou membros, a ningunha asociación que sexa beneficiaria ou teña solicitado outra subvención das xestionadas pola concellería de Xuventude.
- A agrupación non poderá disolverse ata transcorrido o prazo de prescrición previsto nos artigos 39 e 65 da Lei 38/2003 do 17 de novembro Xeral de subvencións.

2.—Quedan excluídas expresamente desta convocatoria:

- As entidades con ánimo de lucro, as administracións públicas, así coma as entidades e unidades que dependan delas, orgánica ou orzamentariamente.
- As entidades que presenten proxectos cuxas actividades poidan ser obxecto doutra convocatoria municipal.
- Entidades sen ánimo de lucro cuxos fines e principios poidan implicar algún tipo de discriminación por razóns de raza, sexo, ideoloxía e condición social.
- As asociacións que non teñan xustificado debidamente as axudas recibidas en anos anteriores.
- As entidades que non estean inscritas no Departamento de Participación Cidadá do Concello de Vigo.
- Entidades cuxas solicitudes se presentan fóra do prazo establecido.



- E, en xeral, aqueles proxectos que non se atopen dentro do ámbito de actuación do Servizo de Xuventude do Concello de Vigo ou non respondan aos obxectivos desta convocatoria.

3.—Os solicitantes deberán reunir os requisitos establecidos no artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e non estar incursos en prohibición para ser beneficiario da subvención das previstas no dito artigo para o que se esixirá aos solicitantes unha declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do citado artigo 10.

4.—Os solicitantes deberán acreditar que se atopan ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e para coa Seguridade Social mediante a presentación das certificacións ás que se refire o artigo 22 do RD 887/2006, 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

5.—Igualmente os solicitantes das subvencións deberán acreditar que se atopan ao corrente das súas obrigas co Concello de Vigo, para o cal, entenderase que o solicitante, ao presentar a solicitude de subvención, autoriza á comisión avaliadora para solicitar de oficio os datos e a documentación acreditativa de tal extremo aos departamentos administrativos responsables.

SEXTA.—OBRIGAS DOS BENEFICIARIOS

Serán obrigas dos beneficiarios das subvencións, ademais das previstas nestas bases e convocatoria e das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia, as que seguen:

1º.—Realizar a actividade xuvenil subvencionada consonte co proxecto presentado coa solicitude.

2º.—Responder da veracidade dos datos da solicitude, baixo a persoal responsabilidade da persoa que subscriba a solicitude.

3º.—Empregar a lingua galega na realización das actividades subvencionadas, caso de que tal utilización se tivese invocado e avaliado como mérito no procedemento de concesión da subvención.

4º.—Utilizar unha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión das súas actividades.

5º.—En relación coa muller, utilizar imaxes non estereotipadas, que fagan visible a contribución das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.



SÉTIMA.—CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN

Para araspropostasdeconcesión dassubefectuar as propostas de concesión das subvencións, a comisión avaliadora terá en conta os seguintes criterios e baremo de puntuación sobre un máximo de 11 puntos:

Valorarase ata un máximo de 11 puntos en total, resultado da suma ponderada dos diferentes aspectos que se describen a continuación:

● **Aspectos da entidade..... Máximo 2 puntos**

Experiencia e traxectoria (0.02 /mes)	Máx.0.50 puntos
Colaboración con outras entidades no proxecto (0.25/entidade)	Máx.0.50 puntos
Número de socios/as (0.010 /10 socios)	Máx. 1 punto

● **Aspectos do proxecto a realizar.....Máximo 7 puntos**

Calidade e solidez do proxecto en conxunto	Máx.1 punto
Fundamentación e estrutura do proxecto	Máx.1 punto
Viabilidade e grao de aplicabilidade do proxecto	Máx.1 punto
Adecuación do proxecto coas necesidades da mocidade actual	Máx. 1 punto
Nº de beneficiarios directos (0.010/10 beneficiarios)	Máx.1 punto
Aspectos innovadores do proxecto con respecto ás necesidades xuvenís	Máx.1 punto
Compromiso na utilización dunha linguaxe e dunha imaxe non sexista nin estereotipada. Para a valoración terase en conta tanto a redacción do proxecto como o contido do mesmo, así como os materiais a empregar e a publicidade.	Máx.1 punto

● **Recursos e financiamento.....Máximo 1 punto**

Previsión e capacidade para conseguir outros fondos de financiamento público ou privado (0.20/cada entidade patrocinadora)	Máx. 1 punto
---	--------------

▲ **Emprego lingua galega.....Máximo 1 punto**

Emprego da lingua galega na realización das actividades para as que se solicita a axuda	Máx. 1 punto
--	--------------



Os proxectos que non obteñan unha puntuación mínima de 3 puntos non se considerarán subvencionables.

Nos informes de valoración elaborados, a Concellaría de Xuventude deberá especificar e xustificar que actividades das presentadas non se inclúen na subvención, non podendo ser así financiadas coa contribución económica municipal.

OITAVA.—CONTÍA INDIVIDUALIZADA DAS SUBVENCÍONS

O importe total máximo destinado a estas subvencións distribuirase entre todas as entidades e/ou colectivos xuvenís que, por reunir os requisitos esixidos nestas bases para ser beneficiario, sexan admitidas a participar no procedemento de concesión das subvencións. A distribución farase en base a proporción valor/punto resultante da suma das puntuacións individuais acadadas no proceso de avaliación -que se realizará de acordo cos criterios previstos no apartado anterior- e da contía total prevista para as subvencións.

NOVENA.—PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCÍONS

O procedemento para a concesión destas subvencións será o de concorrencia competitiva que se iniciará de oficio tras a aprobación das presentes bases e convocatoria pola Xunta de Goberno Local.

DÉCIMA.—PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

O prazo para presentar as solicitudes a esta convocatoria será de 30 días naturais, contados dende o día seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria no BOPPO.

DÉCIMO PRIMEIRA.—SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN

Coa solicitude, segundo o modelo que figura como anexo 1 do expediente, deberase achegar a demais documentación esixida nestas bases e convocatoria, segundo os modelos, no seu caso, que figuran nos demais anexos ao dito expediente.

A presente convocatoria e as súas bases reguladoras, así como o modelo de solicitude e demais modelos normalizados que constitúen os seus anexos, necesarios para a demanda e xustificación destas axudas, facilitaranse na Oficina de Información do Concello de Vigo, nas oficinas da Concellaría de Xuventude e na propia páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org) e na web da Concellaría de Xuventude (www.xuventudevigo.org).



A instancia de solicitude será asinada polo representante legal da entidade peticionaria e presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Vigo ou por algún dos procedementos previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións do Procedemento Administrativo Común.

Á instancia de solicitude deberá achegarse a seguinte documentación segundo o carácter do solicitante:

■ **Asociacións e entidades sen ánimo de lucro:**

a)	Instancia de solicitude da subvención. Anexo 1
b)	Orzamento detallado de ingresos e gastos detallando a cantidade solicitada de subvención. Ver modelo Anexo 3b .
c)	Declaración do secretario da entidade no que conste quen ten a condición de representante legal da entidade. Anexo 2 .
d)	Declaración de non estar incursos nas prohibicións que recollen os apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Anexo 4 .
e)	Certificado de subvencións solicitadas e/ou concedidas. Anexo 5 .
f)	Certificados orixinais ou copias de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias —a Axencia Tributaria e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia — e coa Seguridade social .
g)	Proxecto detallado do programa de actividades que se vai a realizar e para o que se solicita subvención. Os elementos e a estrutura que deberán explicarse obrigatoriamente, se axuntan no anexo 3 . Este anexo é unha guía para a realización deste proxecto que, deberá desenvolver os contidos que se describen en dito anexo. O proxecto deberá comprender un mínimo de tres folios.
h)	<u>Certificado Orixinal da titularidade da conta bancaria</u> a favor da entidade solicitante.
i)	<u>Fotocopia do código de identificación fiscal</u> da entidade solicitante e <u>fotocopia dos estatutos</u> da entidade.
l)	Declaración de compromiso do/a representante de que presentará no seu momento a xustificación da subvención no prazo establecido.



■ **Grupos de mozos/as:**

a)	Instancia de solicitude da subvención asinada por todos os membros do grupo xuvenil. Anexo 1
b)	<u>Relación detallada e asinada por todos</u> das persoas que compoñen o grupo, indicando nome, DNI, enderezo e teléfono de cada unha, así como a súa previsible función no proxecto (organizador, colaborador, beneficiario...). Engadirase a esta relación a fotocopia do DNI de todos/as os/as integrantes do grupo.
c)	Certificados orixinais ou copias, de todos os membros do grupo , de estar ao corrente no pago dos impostos correspondentes a nivel municipal, Seguridade Social, Facenda e Axencia Tributaria.
d)	<u>Declaración xurada e asinada de cada un dos membros do grupo</u> na que expresamente se manifeste: - Que acepta todas as obrigas que puidesen corresponderlle como beneficiario, no seu caso, da subvención concedida. - Que non pertence, como socio ou membro directivo, a outra entidade asociativa que teña recibido ou vaia a solicitar subvención á Concellaría de Xuventude. - Que non está incurso nas circunstancias que figuran no art. 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
e)	<u>Certificado orixinal da entidade bancaria</u> indicando o Código de Conta Cliente (CCC, de 20 díxitos) da conta bancaria do representante responsable do grupo no que se realizará, no seu caso, o ingreso da subvención concedida.
f)	<u>Proxecto detallado</u> do programa de actividades que se vai a realizar e para o que se solicita subvención. Os elementos e a estrutura que deberán explicarse obrigatoriamente, axúntanse no anexo 3. Este anexo é unha guía para a realización deste proxecto, que deberá desenvolver os contidos que se describen en dito anexo. O proxecto deberá comprender un mínimo de tres folios.
g)	<u>Orzamento detallado de gastos e ingresos previstos para a realización do programa de actividades, precisando do orzamento total de gastos, a cantidade que se solicita de subvención á Concellaría de Xuventude. Ver modelo anexo 3b.</u>
h)	<u>Declaración conxunta</u> de todos os membros do grupo na que se explique o acordo de todos para nomear a un representante (Nome e apelidos e DNI) e na que se acepte que o ingreso, no seu caso, do importe da subvención concedida realizarase na conta bancaria que se especifique. Esta declaración deberá ir asinada por todos os membros do grupo.

DÉCIMO SEGUNDA.—RECTIFICACIÓN DA SOLICITUDE

Consonte co establecido no artigo 20.5 da LSG sobre emenda da solicitude e, no artigo 71 da Lei 30/1992, de 26 de novembro; se a documentación aportada fora incompleta ou non reunira os requisitos esixidos na presente convocatoria, o solicitante será requirido para que complete a documentación ou amañe a falla no prazo de 10 días hábiles, contados a partir da recepción da notificación(vía correo ordinario ou correo electrónico), coa advertencia de que se non o fixera se lle terá por desistida a súa solicitude e archivarase o expediente.



DÉCIMO TERCEIRA.—PUBLICIDADE

As presentes Bases reguladoras serán publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOPPO) e con posterioridade remitirase a Convocatoria á Base de datos Nacional de Subvencións, que será quen lle dea traslado ao BOPPO do extracto da mesma, sen prexuízo da súa inserción na web do Concello de Vigo.

Publicidade do financiamento público. As beneficiarias das subvencións deberán empregarlo distintivo do Concello de Vigo en tódalas actividades e comunicacións que promovan e en todas as equipacións, publicacións, carteis, rótulos e demais elementos de difusión ou publicidade será indispensable mencionar á “Concellería de Xuventude – Concello de Vigo”.

DÉCIMO CUARTA.—ÓRGANOS COMPETENTES PARA A INSTRUCCIÓN E RESOLUCIÓN DO PROCEDIMENTO E PRAZO PARA A NOTIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN

A Concellería de Xuventude será a encargada da instrución do procedemento de concesión das subvencións. A avaliación das mesmas realizarase por unha Comisión de Valoración composta pola Concelleira de Xuventude, o xefe de Servizo da Área de Xuventude e un funcionario da mesma área que actuará como secretario.

A Concellería de Xuventude, como órgano instructor, elevará informe de concesión coa proposta de resolución das subvencións á Xunta de Goberno Local consonte a avaliación realizada que será a encargada de aprobar a proposta de resolución correspondente.

Así mesmo en previsión do artigo 21.4, parágrafo 6 da Lei de Subvencións de Galicia, o expediente de concesión de subvencións conterá o informe do órgano instructor no que conste que da información que ten no seu poder se desprende que os/as beneficiarios/as cumpren todos os requisitos para acceder a elas.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas. O prazo para a instrución e resolución do expediente será de tres meses, como máximo, desde o último día de prazo de presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello e a súa resolución notificarase aos solicitantes no prazo de dez días a partir da súa data, de acordo co previsto no artigo 58 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

A resolución da Xunta de Goberno Local, sobre concesión das axudas, esgota a vía administrativa e contra a mesma poderá interpoñerse recurso de reposición ante a Xunta de Goberno Local no prazo dun mes a contar do día seguinte ao da súa notificación, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses desde o seguinte ao da notificación, de acordo co artigo 116 da lei 30/1992, de 26 de novembro e 8.1 e 46 da Lei Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.



Transcorrido o devandito prazo de tres meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición no prazo de tres meses. Transcorrido este último prazo poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, sen prexuízo, da procedencia do recurso extraordinario de revisión e así mesmo, poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo en aplicación e amparo do artigo 116.2 da Lei 30/1992 do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións públicas e do procedemento administrativo común.

As entidades beneficiarias das axudas están obrigadas, no prazo de dez días a contar do seguinte ao da notificación, a comunicar por escrito á Concellería de Xuventude a aceptación ou renuncia das axudas, transcorrido este prazo sen manifestación expresa entenderase tacitamente aceptada.

DÉCIMO QUINTA.—SUBCONTRATACIÓN

Os/as beneficiarios/as non poderán subcontratar con terceiros a actividade subvencionada segundo o disposto no artigo 27.1 LSG.

DÉCIMO SEXTA.—XUSTIFICACIÓN DAS SUBVENCÍONS

Os/ as beneficiarios xustificarán o proxecto subvencionado a través do Rexistro do Concello nos 20 días naturais posteriores a comunicación oficial da concesión de subvención e, así mesmo, o cumprimento das finalidades para as que se concedeu a subvención e a aplicación dos fondos recibidos. En todo caso, as subvencións deberán xustificarse dentro do ano 2016 e o prazo de xustificación deberá ser antes de rematar a segunda semana de decembro de 2016. (Artigo 12, Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financieira e Base 38ª.11 das de Execución do Orzamento de 2013).

Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse esta ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada para os efectos previstos neste capítulo. A falta de xustificación no prazo establecido neste apartado levará consigo a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei Xeral de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional establecido neste apartado non eximirá ao beneficiario das anções que, conforme á Lei xeral de Subvencións, correspondan.

Ao efecto de xustificar a subvención os beneficiarios deberán achegar:

- Memoria de actuación xustificativa do cumprimento dos proxectos e actividades subvencionadas, tanto no aspecto xuvenil como económico (Incluíranse o datos referentes aos gastos e ingresos reais xerados polos evento distribuídos por conceptos).



- Os cuestionarios e documentación, debidamente cumprimentada que figura nos anexos 7,8,9,10 adxuntos destas Bases:

A7	Relación de facturas presentadas como xustificación.
A8	Certificado da veracidade das actividades realizadas.
A9	Certificado actualizado das subvencións concedidas ou recibidas doutras persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas.
A10	Declaración responsable do solicitante de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias —Axencia Tributaria, Concello de Vigo e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia— e para coa Seguridade Social, (Art. 31.7.(e) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia).
11	No seu caso, <u>certificado da Axencia Tributaria de exención do IVA.</u>

- A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Se poderá substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada, pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención, foi executado na súa totalidade e o seu custo total foi de.....euros.

Esta documentación presentarase coas seguintes especificidades:

1º.—As facturas serán orixinais polo importe da subvención outorgada e deberán recoller o número de CIF, a data, o número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas fotocopiadas ou compulsadas nin aquelas que non reúnan as condicións previstas no Real Decreto 1619/2012 do 30 de novembro, polo que se regula o deber de expedir a entregar facturas que incumbe a empresarios e profesionais.

2º.—Importe xustificativo: Terase en conta como importe xustificativo a Base Imponible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE.

*3º.—*Nos documentos xustificativos dos gastos incorridos non será necesario que conste de forma expresa si os mesmos foron pagados con anterioridade ao proceso de xustificación.

Se a beneficiaria solicitara a devolución do orixinal presentado, a área xestora da subvención procederá ao estampillado da factura orixinal, indicando no estampillado o motivo da subvención e si o importe do xustificante impútase total ou parcialmente á subvención



recibida; indicándose neste caso o importe exacto que resulte afectado pola subvención. A copia do xustificante orixinal estampillado incorporarase ao expediente e a área xestora da subvención procederá á devolución do orixinal.

- Calquera outra documentación que lle sexa solicitada polo Concello, en relación coa xustificación da subvención.

DÉCIMO SÉTIMA.—COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIONES

A axeitada xustificación da realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención serán comprobadas polos servizos da Concellería de Xuventude e emitirase informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumplida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada e a xustificación achegada.

DÉCIMO OITAVA.—OBRIGA DE INFORMACIÓN

A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Xuventude e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO NOVENA.—PAGAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexa debidamente xustificada.

Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ao abeiro do Art.31.7.e da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia.

VIXÉSIMA.—PERDA DO DEREITO AO COBRO, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIONES. RÉXIME DE INFRACCIONES E SANCIONES

Perda do dereito ao cobro:

Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención o incumprimento, por parte da beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases reguladoras e convocatoria e especialmente as obrigas ás que se condiciona o pago único da subvención; o incumprimento dos requisitos, condicións e demais circunstancias que determinaron o outorgamento da subvención; a variación da finalidade da actuación; a falta de xustificación da subvención ou a insuficiencia desta; a obtención concorrente doutras axudas, que determinarían o reintegro da municipal e a concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia.



Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e do seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá a perda do dereito a subvención ou o seu reintegro na mesma proporción. En todo caso procederá a redución da subvención, coa conseguinte perda do dereito ao cobro, ou, no seu caso o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Nulidade, reintegro, infraccións e sancións:

Canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas, coa conseguinte esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos do artigo 33 LSG.

Canto ás infraccións e sancións en que poidan incurrir os beneficiarios destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.—TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras e convocatoria, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.



A beneficiaria poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

VIXÉSIMO SEGUNDA.—RÉXIME DE RECURSOS

Tanto as bases e a convocatoria como cantos actos administrativos se deriven delas, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma prevista na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

VIXÉSIMO TERCEIRA.—NORMATIVA DE APLICACIÓN

A presente convocatoria rexerase pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2016, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

Vigo, 30 de marzo de 2016



ANEXO 1 - SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN

O/a que suscribe formula instancia ó Concello de Vigo nos seguintes termos:

1. DATOS DO/A SOLICITANTE

Nome da entidade, persoa ou grupo de feito

Enderezo social (rúa, número, piso e porta)

C.P.

Teléfonos

Fax

Correo-e

Web

NIF/CIF

Nº rexisto municipal de entidades

Nº de socios/as

A entidade está exenta de I.V.E: ☐ Sí ☐ Non

2. DATOS PERSOAIS DO/A REPRESENTANTE

Nome e apelidos

NIF

Cargo que ocupa na entidade

3. DATOS BÁSICOS DO PROXECTO

Denominación

4. IMPORTE TOTAL SOLICITADO

€

5. FIRMA/S DA/S PERSOA/S SOLICITANTE/S

Vigo,

escriba aquí a data de hoxe

Gasto total do proxecto

€

Autorizo ó Concello de Vigo para obter de forma directa a acreditación que o/a beneficiario/a está ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. Así mesmo, para confirmar os datos necesarios para esta convocatoria da entidade noutros organismos oficiais
Sinatura do/a solicitante e selo da entidade.



Venres, 28 de outubro de 2016

Nº 207

**ANEXO 2 - CERTIFICADOS DE:
COMPOSICIÓN DA XUNTA DIRECTIVA
ACORDO DA ENTIDADE DE SOLIDICUDE DA SUBVENCIÓN
CONCESIÓN DE AUTORIZACIÓN Á PERSOA QUE SOLICITA A
SUBVENCIÓN**

D./Dña. NIF nº Secretario/a da entidade Enderezo Tfno/móbil **CERTIFICA:**

Que a Xunta Directiva desta entidade está formada polos seguintes membros:

Data de nacemento

Presidencia D./Dña. **Vicepresidencia** D./Dña. **Secretariado** D./Dña. **Tesourería** D./Dña. **Vocais** D./Dña. D./Dña. D./Dña. Que na reunión que a entidade celebrou con data acordouse solicitar unha subvención á Concellería de Xuventude do Concello de Vigo.

E para que así conste, asino esta declaración.

 escriba aquí a data de hoxe

Sinatura do/a solicitante e selo da entidade.



ANEXO 3 - GUÍA PARA A ELABORACIÓN DE PROXECTOS

Este documento pretende servir de guía de cara a elaboración dun proxecto no que se recollen os aspectos fundamentais e necesarios para a súa correcta confección.

1. Denominación do proxecto.

2. Xustificación: Breve presentación da entidade e das súas actividades dende a súa creación, resumo do contido do proxecto e unha explicación da necesidade de realizalo.

3. Obxectivos: Son os logros que pretendemos realizar grazas ó desenvolvemento das actividades propostas. Divídense en **Xerais e Específicos**. O **obxectivo xeral** se elabora pensando no remate total da/s acción/s proposta/s e os **específicos** deben ser concretos e claros (Exemplo: Editar unha revista semestral coa participación de 12 mozos/as dun instituto). Neste apartado será necesario destacar en que aspectos se adecúa ó proxecto dentro das necesidades da xuventude actual e dentro dos obxectivos xerais da convocatoria.

4. Destinatarios/as do proxecto : Trátase de concretar e definir a quen ou quenes vai dirixido o proxecto especificando idade, perfil, cantidades...Poden ser **beneficiarios directos** e cuantificables e **indirectos**. **Serán valorados-apdo.7, b)- os beneficiarios/as directos/as.**

5. Actividades a realizar: Descríbense con detalle as actividades que se queren realizar co nº de participantes, lugar, prazos e contidos.

6. Metodoloxía: Como se van organizar as actividades definindo os/as responsables e detallando as técnicas que, no seu caso, se van a utilizar para o desenvolvemento da actividade (metodoloxía participativa ou non...).

7. Temporalización ou calendario : Indicar os lugares e as datas nas que se irán realizando as actividades. Neste apartado será interesante destacar se o proxecto se prevé que teña continuidade e cánta (un ano ou máis...).

8. Avaliación: Detallar os sistemas ou técnicas de avaliación coas que se realizará unha valoración das actividades tanto durante a actividade como ó remate da mesma(reunións, fichas de avaliación, enquisas...).

9. Recursos humanos, materiais e económicos:

Humanos: Persoas que organizan e xestionan o proxecto, sexan da propia entidade ou de fora. Voluntarios/as e contratados/as. É importante sinalar, de existir, as colaboracións voluntarias doutras entidades (Exemplo: Ciclo de cine en Caixanova...).

Materiais: Diferenciar entre os **funxibles** (que se gastarán no transcurso da actividade) e **inventariable** (que non se gastarán coas actividades e permanecerán). Será interesante ademáis destacar con que **recursos conta na actualidade a entidade** para realizar o proxecto (locais, ordenadores, equipos de son...).

Económicos: Detallar as aportacións económicas das que dispón a entidade (Cuotas socios/as...) É importante detallar aquí, de existir, os patrocinadores conqueridos para o proxecto.

10. Orzamento de ingresos e gastos coa especificación do que se solicita como subvención e o total d o custo do proxecto. **Neste apartado deberán constar - de existir- nos ingresos, as aportacións de patrocinadores conqueridos para o proxecto. Ver anexo 3b**



ANEXO 3B - MODELO ORIENTATIVO DE ORZAMENTO DE GASTOS E INGRESOS. ANO 2014

GASTOS	EUROS	INGRESOS	EUROS
Persoal contratado de maneira permanente		PROPIOS DA ENTIDADE	
Persoal eventual		Cotas de socios/as	
Material funxible		Doazóns	
Mantemento das instalacións (subministración eléctrica, auga e teléfono, arrendamento sede social, etc...)		Outros (indicar)	
Outros (especificar)		ALLEOS - SUBVENCIONS	
		Concello de Vigo	
		Concellería de	
		Deputación provincial/Outras	
		OUTROS INGRESOS (ESPECIFICAR)	
TOTAL GASTOS		TOTAL INGRESOS	

Vigo, escriba aquí a data de hoxe
(PRESIDENTE/A OU SECRETARIO/A DA ENTIDADE)
Asd



Venres, 28 de outubro de 2016

Nº 207

ANEXO 4D/Dña con NIF: e como representante legal da entidade:

Certifico que:

A entidade denominada con CIF non se atopa incurso nas prohibicións que recollen os
apartados

2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

E, para que así conste ós efectos oportunos,

Asinado e selado

Presidente/a



Venres, 28 de outubro de 2016

Nº 207

**ANEXO 5 - DECLARACIÓN DAS SUBVENCÍONS RECIBIDAS
DAS ADMINISTRACIÓNS OU ENTES PÚBLICOS**D./Dña con NIF

Que actúa en nome e representación da entidade

DECLARA

(marque cun X a opción correspondente)

Que **NON RECIBIU** subvención algunha por parte deste Concello nin de outra Administración ou Ente Público.

Que as subvencións que ten recibido foron as seguintes:

Importe

Concello de Vigo	0
Xunta de Galicia	0
Admón. central	0
Dep. Pontevedra	0
Outros	0

A falta de xustificación documental destas subvencións non só implica a anulación das subvencións recibidas e a esixencia doutras responsabilidades para os preceptores, senon que, como consecuencia desta falta de xustificación, non se tramitará a subvención.

E para que así conste, asino esta declaración.

Sinatura do/a solicitante e selo da entidade.



Venres, 28 de outubro de 2016

Nº 207

**ANEXO 6 – SOLICITUDE DE LIQUIDACIÓN DA SUBVENCIÓN
CONCEDIDA**

D/Dña

con NIF:

e como representante legal da entidade:

con CIF:

SOLICITA:

Que, dacordo coa notificación de concesión de subvención remitida pola Concellería de Xuventude do Concello de Vigo outorgando a cantidade de € para a realización da actividade denominada

correspondente á presente Convocatoria de subvencións para o fomento de actividades xuvenís 2014 de dita Concellería; se proceda á liquidación da subvención concedida de €.

E, para que así conste aos efectos oportunos,

Vigo,

 escriba aquí a data de hoxe

Asinado e selado

Representante legal



Venres, 28 de outubro de 2016

Nº 207

ANEXO 7 – RELACIÓN DE FACTURAS PRESENTADAS

Tipo de entidade: entidade ou grupo	
Nome da entidade ou grupo	
Subvención concedida	
Importe xustificado	

Relación de facturas para a xustificación da subvención:

Nº da factura	Data exped. factura	CIF proveedor	Explicación do gasto	*Base imponible	* IVE

Suma e segue...

Terase en conta como importe xustificativo a Base Imponible do importe das facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente que se presenten como xustificación, excepto que se acredite debidamente mediante certificado da Axencia Tributaria que a entidade está exenta de IVE.



Venres, 28 de outubro de 2016

Nº 207

<i>Nº da factura</i>	<i>Data exped. factura</i>	<i>CIF proveedor</i>	<i>Explicación do gasto</i>	<i>Base impoñible</i>	<i>IVE</i>
Suma anterior...					

TOTAL	Base Imponible		IVE
-------	----------------	--	-----

D. _____ tesoureiro/a da entidade ou

responsable do grupo

CIF: certifica que as facturas que se detallan na conta xustificativa, cuxo importe

ascende á cantidade de € de base imponible e € de IVE, corresponden

con gastos vinculados directamente ás actividades da entidade ou grupo na tempada 2014.

Vigo	escriba aquí a data de hoxe
------	-----------------------------

Sinatura do/da tesoureiro ou responsable
do grupo xuvenil

CONFORME O/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE



Venres, 28 de outubro de 2016

Nº 207

**ANEXO 8 – CERTIFICADO DE VERACIDADE DAS
ACTIVIDADES**

<i>Tipo de entidade: entidade ou grupo</i>	
Nome da entidade ou grupo	
<i>Subvención concedida</i>	
Importe xustificado	

Don/Dona

como secretario/a ou responsable do grupo denominado

con CIF Nº

CERTIFICA

Que as actividades desenvolvidas durante a tempada de 2014, realizáronse tal como figuran na memoria presentada e cumprindo todas as características que se declararon na solicitude de subvención.

Vigo Asdo. O/A secretario/a da entidade
ou Responsable grupo

CONFORME O/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE



Venres, 28 de outubro de 2016

Nº 207

**ANEXO 9 – CERTIFICADO ACTUALIZADO SOBRE
SUBVENCIONES CONCEDIDAS E/OU RECIBIDAS**RELACIÓN DETALLADA E ACTUALIZADA DOUTROS INGRESOS OU SUBVENCIONES QUE
FINANCIARON A ACTIVIDADE SUBVENCIONADA

D/Dona

DNI

Secretario/a da entidade ou responsable do grupo

CERTIFICA

Que esta entidade ou grupo xuvenil recibiu ou ten concedidas as seguintes subvenciones para o ano
2014:

<i>Organismo no que ten concedida e/ou recibida a subvención</i>	<i>Importe concedido</i>
	€
	€
	€
	€
	€
	€

Vigo

 escriba aquí a data de hoxe

Sinatura do/a secretario/a ou responsable do grupo

CONFORME O/A PRESIDENTE/A DA ENTIDADE

Selo da entidade



Venres, 28 de outubro de 2016

Nº 207

ANEXO 10 – DECLARACIÓN RESPONSABLED/Dona DNI:

Secretario/a da entidade ou Responsable do grupo xuvenil

CIF: **DECLARA:**

Que todos os datos que contén a conta xustificativa se axustan á realidade e cumpren coas bases do programa de subvencións obxecto da solicitude.

Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan, aplicáronse á actividade subvencionada.

Que as subvencións ou achegas obtidas para as actividades subvencionadas non superaron o custe total da mesma.

Que a entidade atópase ó corrente coas obrigas tributarias da Seguridade Social, Axencia Tributaria e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, e que foi practicada a pertinente retención sobre a Renda das Persoas Físicas sobre os gastos que están suxeitos á retención, así como que esta foi practicada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria (No caso de empregar ditos Xustificantes).

Vigo

O/A Secretario/a da Entidade ou Responsable do grupo xuvenil

D/Dna

O/A presidente/a da entidade

Asdo. _____

D/Dna

Asdo. _____

Selo da entidade

